




Fundación
Juana de Vega



DATOS A DECEMBRO 2024



Informe do Sector Lácteo

Fundación Juana de Vega
2025





Fundación
Juana de Vega



Importancia do sector lácteo galego



Explotacións

Número medio de explotacións	6.170
Valor da produción de leite	1.352,60 M€
Valor engadido bruto (VEB)	688,26 M€

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE, FOGGA e MAPA.

Industrias Lácteas

Número de industrias con sede en Galicia	128
Cifra de negocios	1.784,56 M€
Valor engadido bruto (VEB)	194,09 M€
Ocupados	2.564

Fonte: Elaboración propia a partir do IGE.

Contribución ao PIB 0,96%


Contribución ao PIB 0,27%

Contribución do complexo lácteo ao PIB galego **1,23%**


Nota: todos os datos son referidos ao ano 2022.



PRODUCCIÓN DE LEITE NAS PRINCIPAIS REXIÓNS DA UE-27 – 2023 (x1.000 t)



VARIACIÓN DA PRODUCCIÓN DE LEITE (X1.000 t E %) NAS PRINCIPAIS REXIÓNS PRODUTORAS DA UE-27 (2013 - 2023)




Fonte: Elaboración propia a partir de Eurostat.

- ▶ **Galicia** situouse no 2023 como a novena rexión produtora da EU-27, despois de superar á rexión de Alemaña Schleswing-Hostein por algo menos de 5 mil toneladas de leite.
- ▶ Desde o 2013, **Galicia** incrementou a súa produción un 20,92% (+596 mil toneladas), podendo situarse proximamente como oitava rexión produtora por diante de Basse-Normadie.
- ▶ Sendo un crecemento importante, sitúase lonxe do experimentado por rexións como Mazowiechi regionalny en Polonia (+46,67%) ou o 37,57% de Sourthern (Irlanda).



EVOLUCIÓN DA PRODUCCIÓN NAS DEZ PRINCIPAIS REXIÓNS DA UE-27 (MILLÓNS DE t)



Fonte: Elaboración propia a partir de Eurostat.

- ▶ **A nivel europeo, destaca o crecemento experimentado por Southern** (Irlanda), **Lombardía** (Italia) e **Podlaskie** (Polonia) e o estancamento ou incluso **lixerías caídas das principais rexións produtoras francesas**.
- ▶ Precisamente, **Galicia** gaña posicións debido ao estancamento de rexións como **Schleswig-Holstein** (Alemaña) e proximamente pode superar tamén a **Basse-Normandie** situándose, como se dixo, no oitavo posto da produción leiteira a nivel europeo.
- ▶ **A nivel europeo obsérvase en xeral unha diversidade estratéxica**. Os países ou rexións que tradicionalmente apostan polo valor engadido, manteñen unha certa estabilidade na produción, mentres que aquelas rexións que presentan baixos niveles de industrialización, apostan polo volume, incrementando notablemente a produción, como é o caso de Irlanda, **Galicia** ou das rexións polacas.




Fundación
Juana de Vega




Evolución das
entregas de leite



PRODUCCIÓN LÁCTEA NA UE-27 - 2023 (MILLÓNS t E %)



EVOLUCIÓN DA PRODUCCIÓN LÁCTEA NA UE-27 (MILLÓNS t)





Fonte: Elaboración propia a partir de Eurostat.

- ▶ **A produción láctea na UE-27 experimentou un forte crecemento desde o final das cotas lácteas no ano 2015**, ata alcanzar o máximo de 144,48 millóns de toneladas no ano 2022. No 2023 prodúcese unha lixeira caída para situarse nos 144,35 millóns de toneladas.
- ▶ **Alemaña lidera a produción europea con 32,42 millóns de toneladas** (23%), seguida de **Francia con 23,43 millóns** (16%), **Países Baixos** (13,89 millóns; 10%), **Polonia** (13,02 millóns; 9%), **Italia** (12,57 millóns; 9%), e **Irlanda** (8,71 millóns; 6%).
- ▶ **España alcanzou no ano 2023 unha produción de 7,29 millóns de toneladas**, achegando o **5%** do leite da UE-27.



EVOLUCIÓN DAS ENTREGAS DE LEITE (MILES DE TONELADAS)




Fonte: Elaboración propia a partir das declaracións de entregas de leite cru a primeiros compradores. MAPA.
Nota: Datos de entregas sen incluír a Canarias e corrixidas en febreiro de 2020 e 2024 a 28 días.

- ▶ A **producción en España e en Galicia medrou de xeito sostido** desde o fin das cotas lácteas, alcanzando no caso de España un **máximo no ano 2021**, para sufrir unha forte redución no ano 2022 como consecuencia do importante incremento dos custos de produción, que tardaron en ser compensados polos incrementos dos prezos do leite cos seguintes efectos na produción. **A pesar de volver a incrementarse a produción no ano 2023 e no 2024**, esta aínda **non alcanza o máximo do 2021**.
- ▶ No caso de **Galicia**, a corrección foi moito menos acusada (-0,57%) no 2022, para **recuperase seguidamente no 2023 e 2024**, superando xa os **3 millóns de toneladas**.



ENTREGAS DE LEITE (t) DAS CCAA NO ANO 2024



Fonte: Elaboración propia a partir das declaracións de entregas de leite cru a primeiros compradores. MAPA.

Nota: Datos de entregas sen incluír a Canarias e corrixidas en febreiro de 2020 e 2024 a 28 días.

- ▶ No ano 2024, a produción en **España** alcanzou 7,37 millóns de toneladas, representando **Galicia** o 41,55% da produción nacional.
- ▶ **Galicia** consolídase como principal rexión produtora, superando a produción das outras catro principais rexións produtoras. **Galicia** produce máis leite que Castela e León, Cataluña, Andalucía e Asturias xuntas.




EVOLUCIÓN DAS ENTREGAS DE LEITE (t) DAS CCAA 2023 – 2024



Fonte: Elaboración propia a partir das declaracións de entregas de leite cru a primeiros compradores. MAPA.

Nota: Datos de entregas sen incluír a Canarias e corrixidas en febreiro de 2020 e 2024 a 28 días.

- ▶ O incremento da produción en **España** con respecto ao ano 2023 foi de 86 mil toneladas. **Galicia** destaca como a rexión cun maior crecemento absoluto, rexistrando un **incremento nas entregas de leite de 61,77 mil toneladas**, sendo **responsable do 71,26% do crecemento total en España**. É dicir, de cada 10 litros que aumentan as entregas en **España**, 7 proceden das gandarías de **Galicia**.
- ▶ **Cataluña** (+15,68 mil t) e **Navarra** (+14,74 mil t) tamén **contribúen de maneira significativa ao aumento das entregas**, aínda que nun nivel moi inferior ao de **Galicia**.
- ▶ Pola contra, rexións como **Cantabria** (-11,81 mil t), **Asturias** (-6,73 mil t) e **Castela e León** (-3,75 mil t) **experimentaron descensos importantes nas súas entregas** ao longo do 2024.



ESPAÑA
7.372.814 T
de leite producidas




das cales
40.497 T
son en ecológico
0,55%

GALICIA
3.063.454 T
de leite producidas



das cales
21.524 T
son en ecológico
0,70%



Fonte: Elaboración propia a partir das declaracións de entregas de leite cru a primeiros compradores. MAPA.
Nota: Datos de entregas sen incluír a Canarias e corrixidas en febreiro de 2020 e 2024 a 28 días.

Galicia produciu no ano 2024 o 53,15% do leite ecológico de España

- ▶ A produción total de leite ecológico en **España** no ano 2024 foi de **40,5 mil toneladas**, o que representa apenas o **0,55%** do total da produción láctea nacional (**7,37 millóns de toneladas**), lonxe das cifras que alcanza en países como Austria, Suecia ou Dinamarca nos que a produción de leite en ecológico supera o 10% da produción nacional.
- ▶ En **Galicia** o leite en ecológico representou o **0,70% da produción**, achegando **Galicia** o **53,15% do leite ecológico de España**.
- ▶ As **entregas de leite en ecológico caeron en España no 2023 un 13,79%**. No caso de **Galicia**, esta diminución foi do **8,53%**. Esta caída debeuse ao estreitamento dos diferenciais de prezos entre o leite convencional/ecológico, que non compensaban as entregas en ecológico.
- ▶ **No ano 2024**, as entregas de leite en ecológico en **España caeron en menor medida (-1,27%)**, mentres que en **Galicia** sufriron un lixeiro crecemento (+0,88%). Isto débese a unha volta á normalidade entre os diferenciais de prezos convencional/ecológico, que roldan os 12 c/L.




Fundación
Juana de Vega




Calidades do leite



EVOLUCIÓN DA PORCENTAXE MEDIA DE GRAXA EN GALICIA, ESPAÑA E RESTO DAS CCAA EN 2023 E 2024



EVOLUCIÓN DA PORCENTAXE MEDIA PROTEÍNA EN GALICIA, ESPAÑA E RESTO DAS CCAA EN 2023 E 2024



Fonte: Elaboración propia a partir das declaracións de entregas de leite cru a primeiros compradores. MAPA.

- ▶ As calidades do leite en Galicia son lixeiramente superiores ás de España, especialmente no caso da graxa.
- ▶ No ano 2024 a media de graxa en España foi do 3,78% e a de proteína do 3,37%, mentres que en Galicia foi do 3,84% de graxa e 3,39% de proteína.




Fundación
Juana de Vega




Evolución dos prezos



EVOLUCIÓN DOS PREZOS DO LEITE EN ESPAÑA (c/l)



EVOLUCIÓN DOS PREZOS DO LEITE EN GALICIA (c/l)




Fonte: Elaboración propia a partir das declaracións de entregas de leite cru a primeiros compradores. MAPA.

- ▶ **O prezo do leite no ano 2024, situouse tanto en España como en Galicia por debaixo do alcanzado no 2023.** A caída dos prezos comezou en marzo do 2023 e continuou ata os meses de xullo e agosto de 2024, para volver a incrementarse de xeito moderado a partir de setembro.
- ▶ **O prezo medio ponderado do 2024 en España situouse nos 49,10 c/L, un 10,21% por debaixo do alcanzado no 2023 (-5,58 c/L). No caso de Galicia o prezo medio ponderado foi de 46,76 c/L (-11%), equivalente a 5,78 c/L menos por litro.**
- ▶ **Os prezos medios ponderados de 2024, tanto para España como para Galicia, son lixeiramente superiores aos alcanzados no 2022, que se situaron para o caso de España nos 46,43 c/L e para Galicia nos 45,28 c/L.**



PREZO PAGADO AOS PRODUTORES (CENT/LITRO) DESDE XAN-DEC 2024




Fonte: Elaboración propia a partir das declaracións de entregas de leite cru a primeiros compradores. MAPA.

- ▶ **Galicia**, sendo a maior produtora, continua cos prezos máis baixos pagados ao produtor (a excepción de Baleares, que ten pouca relevancia na produción láctea española).



EVOLUCIÓN DO DIFERENCIAL DE PREZOS PAGADOS AOS PRODUTORES ESPAÑA-GALICIA (2022-2024)




Fonte: Elaboración propia a partir das declaracións de entregas de leite cru a primeiros compradores. MAPA.

- ▶ O diferencial de prezos pagados aos produtores en **Galicia** con respecto a **España** seguiu unha **tendencia crecente desde xaneiro de 2021 ata novembro de 2023, data na que alcanzou os 3 c/L**. A partir desa data os diferenciais estreitáronse, pero con todo, o **prezo medio ponderado de Galicia** sitúase **2,34 c/L** por debaixo do prezo medio ponderado do conxunto do **España** (-4,77%).



EVOLUCIÓN DOS PREZOS DO LEITE XANEIRO 2018 A DECEMBRO 2024 (C/KG)



Fonte: Asociación Galega Terra e Leite

- ▶ O prezo medio ponderado en Europa (UE-27) comezou a incrementarse novamente en xuño de 2024 ata alcanzar en decembro do 2024 os 54,53 c/kg (+18,24%).
- ▶ Os prezos en España e en Galicia, despois de situárense por riba dos europeos desde xaneiro de 2023 ata marzo de 2024 no caso de Galicia e ata xullo de 2024 no caso de España, volven situarse por baixo dos europeos (-12,05% en España; -6,57 c/Kg e -15,96% en Galicia; -8,70c/Kg).
- ▶ Os prezos en España e Galicia, comezaron a subir de novo en agosto de 2024, en consonancia co forte incremento dos prezos europeos, pero fano a un menor ritmo.




Fundación
Juana de Vega



Consumo de lácteos en España





EVOLUCIÓN DO CONSUMO DO LEITE EN ESPAÑA 2000 – 2023 (LITROS PER CÁPITA)



- ▶ Dentro do **contexto xeral de caída de consumo do leite líquido**, o **leite semidesnatado** mantense como a **categoría máis consumida** durante gran parte do período, pero comeza a experimentar un **descenso pronunciado desde o ano 2016 (-29,07%)**.
- ▶ **O leite enteiro**, a pesar de ser o que máis experimentou a caída do consumo máis pronunciada (-61,79% desde o 2000), **sitúase desde o 2019 como a segunda categoría máis consumida**. Desde o ano 2017, **incrementouse o consumo desta categoría un 10,17%**, superando o seu consumo ao do **leite desnatado**. Isto reflicte un **cambio do comportamento dos consumidores** que procuran produtos máis completos e menos procesados.
- ▶ Pola súa banda, o **leite desnatado é claramente a categoría de menor consumo**, que despois do máximo alcanzando no 2016, **o seu consumo caeu desde esa data un 29,07%**. A caída desde o ano 2000 foi do 25,07%.



REPARTICIÓN DOS TIPOS DE LEITE LÍQUIDO NO ANO 2023




Fonte: Elaboración propia a partir do Informe de Consumo Alimentario 2023. MAPA.

- ▶ O leite semidesnatado, como se dixo, é a categoría máis consumida, representa o 46% do consumo do leite líquido en España. Séguelle o leite enteiro, cun 30% do consumo e o desnatado, representa o 24% do consumo de leite a nivel nacional.
- ▶ O leite fresco, ou de curta duración, representa unicamente o 4% do consumo de leite líquido fronte ao 96% que representa o leite de longa duración.



REPARTICIÓN DOS TIPOS DE DERIVADOS LÁCTEOS NO ANO 2023



Fonte: Elaboración propia a partir do Informe de Consumo Alimentario 2023. MAPA.


Consumo 2023 (Kg – l)	
Leites Fermentados	12,48
Queixo	7,56
Xeados e tartas	3,44
Batidos	3,04
Postres lácteos	2,29
Nata	0,98
Manteiga	0,35
Outros	1,84

- ▶ **No caso dos derivados lácteos, os iogures e leites fermentados son a categoría máis consumida con 12,48 kg-l persoa e ano**, seguido do queixo (7,56 kg-l), xeados e tartas (3,44 Kg-l), batidos (3,04 kg-l), e os postres lácteos que se sitúan en 2,29 kg-l persoa e ano.
- ▶ **O consumo de nata representa o 3% do total** da categoría de derivados lácteos e **a manteiga só o 1% do total**, con 0,98 e 0,35 kg-l persoa e ano respectivamente.




VENDAS DE LEITE DE LONGA DURACIÓN EN RETAIL POR EMPRESAS

VOLUME



VALOR



Fonte: Alimarket. Informe gran consumo alimentario. (TAM cerrado en agosto de 2024).

- ▶ **As marcas da distribución continúan liderando amplamente o mercado de leite de longa duración en España**, grazas aos prezos competitivos e á súa ampla presenza en grandes cadeas de supermercados. A menor cota en valor (56,6% fronte a 62,3%) evidencia prezos máis baixos e competitivos.
- ▶ Empresas como **Central Lechera Asturiana**, **Lactalis Iberia** e **Calidad Pascual** teñen un peso proporcionalmente maior en valor que en volume, destacando a súa aposta por produtos de maior prezo e valor engadido.
- ▶ **Leche Río e as outras marcas manteñen** posicións discretas tanto en volumen como en valor, reflectindo estas cifras unha escasa capacidade para competir en valor fronte ás grandes marcas e en volumen fronte á prevalencia das MDD.




Fundación
Juana de Vega



Evolución das explotacións



EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE EXPLOTACIÓNS CON ENTREGAS DE LEITE 2015 – 2024




Fonte: Elaboración propia a partir das declaracións de entregas de leite cru a primeiros compradores. MAPA.

- ▶ O número de explotacións con entregas de leite continúa a tendencia descendente en todas as comunidades.
- ▶ Desde o ano 2015 as explotacións con entregas de leite en **España** diminuíron un **45,52%** (7.730 explotacións menos).
- ▶ O número de explotacións con entregas de leite en **Galicia** diminuíron nese período un **45,38%** (4.359 explotacións menos), unha porcentaxe similar á media nacional. Na actualidade **Galicia** conta con **5.247** explotacións con entregas de leite.
- ▶ Dentro das principais rexións produtoras, a diminución de explotacións foi máis acusada en **Castela e León (-55,75%)**, en **Asturias (-46,17%)** e en **Cantabria (-45,97%)**.
- ▶ **Galicia** mantén o peso nacional en canto ao número de explotacións con entregas, representando o **56,72%** das explotacións de **España** (no 2015 representaba o 56,57%).
- ▶ No ano 2024 deixaron de entregar leite en **Galicia** **372** explotacións.




2019

PESO DO TRAMO



PESO PRODUCCIÓN




2023


PESO DO TRAMO



PESO PRODUCCIÓN




O 20% DAS EXPLOTACIÓNS PRODUCEN O 60% DO LEITE EN GALICIA



- Grandes (> 1.000 t)
- Medianas (1.000 - 500 t)
- Pequenas (500 - 250 t)
- Moi pequenas (< 250 t)

O 32% DAS EXPLOTACIÓNS PRODUCEN O 76% DO LEITE EN GALICIA




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do FOGGA.


- ▶ O sector lácteo galego está sufrindo unha profunda transformación nos últimos anos, marcada por unha **diminución do número de explotacións con entregas** de leite e un crecente grado de intensificación das granxas con entregas. Así, **no ano 2019, as explotacións máis grandes (+1.000 t) representaban o 7% do total e produción o 35% do leite de Galicia. No 2023, catro anos despois, xa representan o 14% do total e producen máis da metade do leite de Galicia (+51%).**
- ▶ No 2023, **o 32% das explotacións (1.853) produciron o 76% do leite de Galicia.**



EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE VACAS 2019 – 2024



EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE VACAS POR EXPLOTACIÓN 2019 – 2024




Fonte: Elaboración propia a partir das declaracións de entregas de leite cru a primeiros compradores e SITRAN. MAPA.

- ▶ O número total de vacas de leite redúcese no conxunto de **España** entre 2019 e 2024 un **8,06%** (-67.119 animais menos), sendo **Galicia a Comunidade de entre as principais rexións produtoras, na que menos se reduce en termos porcentuais (3,15%**, fronte ao 7,64% de Castela e León, o 9,64% de Cataluña, o 8,29% de Andalucía, o 17,47% de Asturias e o 22,05% de Cantabria).
- ▶ **A pesar da redución do número total de vacas** en todas as Comunidades Autónomas, **o número de vacas por explotación aumenta**, o que indica un aumento do tamaño e intensificación das explotacións leiteiras en España. **A explotación media española pasou de contar con 64 vacas en 2019 a alcanzar as 80 vacas de media en 2024.**
- ▶ **En Galicia, a explotación media conta en 2024 con 59 vacas despois de incrementarse no período un 30,19%**, o segundo maior incremento despois de Castela e León (+41,44%). Con todo, o **tamaño medio das explotacións galegas está lonxe do da media española (80 vacas/explotación)** e moi lonxe doutras CCAA como Castela e León (132 vacas), Cataluña (217 vacas), ou Andalucía (146 vacas/explotación).




PRODUCCIÓN MEDIA POR EXPLOTACIÓN (t) 2019 – 2024



Fonte: Elaboración propia a partir das declaracións de entregas de leite cru a primeiros compradores e SITRAN. MAPA.

PRODUCCIÓN MEDIA POR VACA (KILOS) 2019 – 2024



- ▶ En consonancia co aumento do número de vacas por explotación, **a produción media das explotacións aumentou en España un 40,06% desde o 2019, alcanzando as 770 toneladas en 2024**. Este incremento da produción **explícase por dous motivos: o aumento do número de vacas por explotación e o aumento da produción media por vaca**, froito do proceso de intensificación, da profesionalización do sector, da mellora dos prezos do leite e das marxes das explotacións.
- ▶ **En Galicia, a produción media por explotación situouse no 2024 nas 564 t** (382 t no 2019) despois de aumentar un 47,71%, sendo a segunda Comunidade das principais rexións produtoras que máis incrementa a produción por explotación despois de Castela e León (50,93%).
- ▶ **A produción media por vaca en Galicia situouse no 2024 nos 9.435 Kg/ano**, ao redor da media nacional (9.521Kg/ano), pero inferior á de Comunidades con modelos de produción máis intensivos, como Castela e León ou Cataluña.




Fundación
Juana de Vega



A situación da cadea
2024



EVOLUCIÓN DO IPC DO LEITE E DOS SEUS DERIVADOS EN ESPAÑA PARA O PERIODO XAN 2020 – NOV 2024



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE.


- ▶ O prezo do **leite e dos seus derivados** nos lineais sufriu un forte e continuado incremento desde setembro de 2021 ata comezos de 2023, manténdose relativamente estable desde esa data.
- ▶ Os prezos de todos os derivados lácteos con respecto ao leite líquido viñan mantendo un estreito diferencial entre eles ata que, coa subida experimentada polos prezos ao longo do ano 2022, os diferenciais entre o leite líquido (enteiro e desnatado) e os outros derivados lácteos aumentaron notablemente a favor do leite líquido.



EVOLUCIÓN PREZOS DESDE DECEMBRO DE 2023 ATA NOVEMBRO DE 2024



LEITE



QUEIXO E CALLADA




IOGUR



OUTROS PRODUTOS
LÁCTEOS




EVOLUCIÓN DOS PREZOS DA ENERXÍA E DAS MATERIAS PRIMAS 2023 - 2024



Fonte: INE, Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación e Ministerio de Trabajo e Economía Social.

(*) Estimación propia realizada a partir da conta de resultados media do ano 2022 de máis de 200 explotacións lácteas galegas.



- ▶ Durante os anos 2018-2020 tanto os custos de produción (36 c/L) como os prezos recibidos polos produtores (33 c/L) mantiveron unha estabilidade relativa. No entanto, esta etapa caracterizouse por marxes negativas, xa que os prezos recibidos estiveron sistematicamente por debaixo dos custos. **A sostibilidade das explotacións durante este período dependía en gran medida doutros ingresos complementarios**, como a venda de animais, variacións de inventario e as axudas da PAC.
- ▶ No 2022 produciuse unha forte subida tanto dos custos de produción (0,44 €/L) como dos prezos recibidos (0,46 €/L), que por primeira vez no período analizado superaron os custos. Esta mellora, unida ao aumento dos ingresos totais (0,53 €/L), permitiu unha **notable recuperación das marxes das explotacións**.
- ▶ En 2023, o prezo recibido polos produtores continuou aumentando ata 0,53 €/L, mentres que, segundo a estimación, os custos de produción experimentaron unha lixeira moderación, situándose en 0,43 €/L. Este escenario, cunha maior diferenza entre prezos e custos, permitiu consolidar **un ano extraordinario para o sector leiteiro**, con marxes historicamente altas e un forte impacto positivo na rendibilidade das explotacións.
- ▶ En 2024 produciuse unha caída no prezo recibido polos produtores ata 0,47 €/L, mentres que os custos de produción continuaron descendendo ata os 0,39 €/L, pero como consecuencia da maior caída dos prezos prodúcese un **estreitamento das marxes**. Con todo, o ano 2024 continúa sendo un bo ano para o sector produtor.



Variación custes de produción 2024 respecto ao 2023	Variación dos prezos pagados ao produtor (xan. 2024 – dec. 2024)	Variación dos prezos nos lineais (xan. 2024 – dec. 2024)
-9,30%	-11%	-0,43 %
- 4 c/L	-5,78 c/L	-0,4 c/L

Estimación propia realizada a partir da conta de resultados media do ano 2022 de máis de 200 explotacións lácteas galegas.

Fonte: Declaracións de entregas de leite cru a primeiros compradores. MAPA.

Estimación propia realizada a partir do informe do consumo alimentario en España 2023.

- ▶ **O prezo medio ponderado pagado polo leite en Galicia en 2024 diminuíu con respecto ao 2023**, tal e como se indicou, **un 11% (-5,78 c/L)**. Nese mesmo período estímase unha **baixada nos custos de produción do 9,30% (-4 c/L)**. Esta situación de baixada de custos, pero dunha maior baixada no prezo medio do leite, supón unha **redución da marxe das gandarías de leite (-2 c/L de leite vendido)**.
- ▶ **Os prezos dos produtos lácteos nos lineais durante o ano 2024**, tanto en termos porcentuais como en absolutos, **apenas sufriron variación ao longo do 2024**.
- ▶ Por outra banda, a **caída dos prezos pagados aos produtores**, fai que as industrias, ao **mantérense os prezos de venda nos lineais estables**, mellorasen a súa marxe operativa ao longo do ano 2024.



Fundación
Juana de Vega



Análise económica- financeira industria láctea 2023



EMPRESAS ANALIZADAS (BALANCE E CONTAS DE RESULTADOS ANO 2019-2023)

Corporación Alimentaria Peñasanta,S.A. (CAPSA)

Lactalis Compras y Suministros, S.L.

Leche de Galicia, S.L.U.

Inleit Ingredientes S.L.U.

Grupo Leche Río S.A.

Agrupación de Cooperativas Lácteas S.L.

Dairylac S.L.

Feiraco Lácteos S.L.

Naturleite S.L.U.

Leche Celta S.L.

Iberleche S.L.



FACTURACIÓN E RESULTADOS ECONÓMICOS CONXUNTOS DAS EMPRESAS ANALIZADAS

	Empresas lácteas 2023 (total)
Facturación conxunta (mil EUR)	3.134.546
EBITDA (mil EUR)	97.561
Beneficio neto conxunto (mil EUR)	49.030
Número de empregados totais	2.190

Fonte: Elaboración propia a partir do Sistema de Análisis de Balances Ibéricos (SABI).

- ▶ **As empresas analizadas alcanzan unha facturación conxunta no ano 2023 de 3.134 millóns de euros, teñen un EBITDA conxunto de 97,5 millóns de euros, un beneficio neto conxunto de 49 millóns de euros e dan emprego a 2.190 persoas.**

ANÁLISE ECONÓMICA-FINANCIERA 2019-2023

	Media 2023	Medias do período 2019-2023
Rendibilidade económica (Resultado explotación/Total Activo)	5,16%	3,42%
Marxe de beneficio (Resultado explotación/Ingresos explotación)	2,10%	1,58%
Rotación dos activos (Ingresos explotación/Total activo)	2,45	2,16
Rendibilidade financeira (Resultado exercicio/Fondos propios)	9,54%	5,19%
Endebedamento (Total pasivo/(Total pasivo+fondos propios)	0,60	0,59


Fonte: Elaboración propia a partir do Sistema de Análisis de Balances Ibéricos (SABI).

- ▶ **A rendibilidade económica media das industrias lácteas analizadas foi no ano 2023 de 5,16%, superior á media da rendibilidade do período, o que reflicte unha notable mellora das marxes do sector industrial no ano 2023.**
- ▶ A descomposición da **rendibilidade económica en marxe e rotación, determina que as industrias lácteas operan cunha marxe baixa (2,10%), que é compensada en parte por unha elevada rotación do activo (2,45). É dicir, a industria láctea que opera en Galicia (e en España) basea o seu modelo de negocio no efecto volume a base de marxes baixas**, que se explica pola súa orientación produtiva cara a produtos indiferenciados de escaso valor engadido (leite líquido).
- ▶ **Esta marxe reducida (2,10% no 2023 e 1,58% da media do período) contrasta coas elevadas marxes medias das explotacións leiteiras no ano 2023, que superan o 20% dos ingresos totais.**




EVOLUCIÓN DOS INGRESOS E RESULTADOS CONXUNTOS DE EXPLOTACIÓN (2019-2023)

INGRESOS DE EXPLOTACIÓN MIL EUR




RESULTADO DO EXERCICIO MIL EUR



- ▶ **A facturación total do conxunto das industrias lácteas analizadas mantén un crecemento sostido desde o ano 2019**, que se impulsa nos anos 2022 e 2023 polo efecto da subida dos prezos dos produtos lácteos como consecuencia da inflación.
- ▶ **O mesmo patrón segue o resultado total conxunto das industrias analizadas**, que mantén, en termos globais e conxuntos, un resultado positivo ao longo dos exercicios analizados.



EVOLUCIÓN DA MEDIA DA RENDIBILIDADE ECONÓMICA DAS INDUSTRIAS ANALIZADAS




- ▶ **A rendibilidade económica (Resultado de explotación/Activo Total) das industrias analizadas sufriu un deterioro no ano 2020** situándose no 1,73%, a pesar do aumento da rotación no contexto da Covid-19. **A rendibilidade económica mellorou no 2021 (3,18%) e sobre todo nos anos 2022 e 2023, ata situarse no 5,16%.**
- ▶ A descomposición desta ratio nas súas dúas compoñentes básicas, **a marxe sobre vendas** (Resultado da explotación/Ingresos de Explotación) e **rotación dos activos** (Ingresos de explotación/Activo Total), indica o seguinte:
 - ▶ **As industrias lácteas analizadas operan cunha marxe sobre vendas baixa**, que sufriu no 2020 un importante deterioro no contexto da Covid-19, para volver a situarse nos anos 2021, 2022 e 2023 nos niveis do 2019 (ao redor de 1,80%). Isto indica que por cada 100 euros vendidos, o beneficio operativo é de 1,80 euros de media para a industria analizada, **indicativo da pouca capacidade desta de engadir valor aos seus produtos.**
 - ▶ **A rotación dos activos explica, en gran medida, a mellora da rendibilidade económica das industrias lácteas**, feito que afonda en que estas basean a súa estratexia comercial no efecto volume operando con marxes baixas.




Fundación
Juana de Vega



Transformación
industrial



 **A Estratexia de Dinamización do Sector Lácteo Galego fixa como obxectivo para 2025 transformar en Galicia o 75% do leite producido.**

A realidade indica que **no 2023 industrializouse en Galicia o 63,6% do leite producido**, sendo as principais causas:

- ▶ Un incremento da produción por riba do previsto.
- ▶ Capacidade industrial instalada, que aínda non está funcionando a pleno rendemento.

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Enquisa industrial de produtos (INE), engadido para os anos 2021 e 2022 unha estimación do leite transformado na Comunidade por operadores que non foron recollidos na Enquisa Industrial de Produtos.

- ▶ **Galicia**, pese a ser a principal produtora a nivel estatal, non ten un peso proporcional na transformación do leite. **Do total do leite producido só se transforma en Galicia o 63,6%, polo que o 36,4% é trasladado sen ningún tipo de valor engadido** para a súa transformación industrial noutras CCAA.
- ▶ **Con todo, no ano 2023, habéndose incrementado a produción con respecto ao 2018 en 263 mil t (+9,6%), transformáronse industrialmente en Galicia 495 mil t máis (+35%). A relación transformación/produción incrementouse un 23% no período**, o que indica unha notable mellora das capacidades de transformación industrial en **Galicia**.



Fundación
Juana de Vega



Bibliografía

- ▶ Alimarket. (N.399 / diciembre 2024). **Informe gran consumo alimentario**.
- ▶ **Asociación Galega Terra e Leite. (decembro 2024)**. Recuperado de <https://terraeleite.org/novas/>
- ▶ Eurostat. (s.f.). Recuperado de <https://ec.europa.eu/eurostat/web/main/data/database>
- ▶ **Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA)**.
- ▶ **Instituto Galego de Estatística (IGE). (s.f.)**. Recuperado de <https://www.ige.gal/web/index.jsp?paxina=001&idioma=gl>
- ▶ **Instituto Nacional de Estadística (INE). (s.f.)**. Recuperado de <https://www.ine.es/>
- ▶ Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación (MAPA). (diciembre 2024). **Declaraciones de entregas de leche cruda a los primeros compradores**. Recuperado de: <https://www.mapa.gob.es/es/ganaderia/temas/produccion-y-mercados-ganaderos/sectores-ganaderos/vacuno-lechero/informacion-del-sector/declaraciones-leche.aspx>
- ▶ Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación (MAPA). (2023). **Informe anual del consumo alimentario**. Recuperado de: <https://www.mapa.gob.es/en/alimentacion/temas/consumo-tendencias/panel-de-consumo-alimentario/ultimos-datos/default.aspx>
- ▶ Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación (MAPA). (decembro 2024). **Sistema Informático de Registro de Establecimientos en la Alimentación Animal (SILUM)**. Recuperado de: <https://www.mapa.gob.es/es/ganaderia/temas/alimentacion-animal/acceso-publico/precios.aspx>
- ▶ Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación (MAPA). (xaneiro 2025). **Sistema Integral de Trazabilidad Animal (SITRAN)**. Recuperado de: <https://www.mapa.gob.es/es/ganaderia/temas/trazabilidad-animal/sitran/>
- ▶ **Ministerio de Trabajo y Economía Social. (s.f.)**. Recuperado de: <https://www.mites.gob.es/index.htm>
- ▶ **Sistema de Análisis de Balances Ibéricos (SABI). (s.f.)**. Recuperado de: https://www.udc.es/es/biblioteca/recursos_informacion/bases_de_datos/sabi/



Fundación
Juana de Vega